



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO RÚAS ZONA URBANA (LOTE 1) E "NOVA REDE SANEAMENTO NA RÚAS AS PONTES (LOTE 2)"

Nº Expediente: 2016/C003/000007

Asunto: Contratación de "ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA (lote 1)" e "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES DE G.^a RGUEZ. (lote 2)"

Mediante o acordo de Xunta de Goberno Local de data 10/10/2016 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA (lote 1)" e "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES DE G.^a RGUEZ. (lote 2)", por procedemento negociado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 17/10/2016 foi publicado un anuncio na prensa.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

- LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.
- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
- CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 2, 14, 17 e 28 de novembro, e 2 de decembro de 2016, valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Apertura de sobres A (documentación administrativa) : admitir a todos os licitadores presentados.

2.- Aprobación da valoración técnica (sobres B) realizada polo Sr. arquitecto municipal con data 11/11/2016, de cuxo informe despréndese o seguinte resultado, de acordo cos criterios de adxudicación e de negociación contidos no prego de cláusulas administrativas:

EMPRESA	PUNTUACION	PUNTUACION
	"ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA (lote 1)"	"NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES DE G. ^a RGUEZ. (lote 2)"
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	2,68	1,89
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	2,03	1,56
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,45	1,24
CONSTRUCC. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	1,89	1,39

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





3.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE (obra lote 1)
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	73.922,70
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	91.677,60
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	86.584,40
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	99.000,00

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE (obra lote 2)
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	33.521,64
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	40.403,74
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	40.400,00
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	44.000,00

4.- Unha vez realizados os cálculos matemáticos, resulta a seguinte puntuación, que xunto coa valoración das referencias técnicas obtéñese o seguinte resultado:

obra "Acondicionamento de rúas na zona urbana (lote 1)"						
EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (fórmula Univ. Santiago-Depart. Matemática Aplicada)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (cálculo proporcional segundo os criterios aprobados no Prego-tipo)	TOTAL
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	2,68	3,00	50 d.	8,45	1,18	6,86
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	2,03	1,25	91 d.	10,00	1,40	4,68
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,45	1,84	7 d.	2,28	0,32	3,61
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	1,89	0,35	5 d.	1,92	0,27	2,51

obra "Nova rede de saneamento na Rúa As Pontes de G.^a Rguez. (lote 2)"

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (fórmula Univ. Santiago-Depart. Matemática Aplicada)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (cálculo proporcional segundo os criterios aprobados no Prego-tipo)	TOTAL
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	1,89	1,50	28 d.	10,00	0,70	4,09
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	1,56	0,69	0 d.	1,00	0,07	2,32
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,24	0,69	5 d.	4,78	0,33	2,26
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	1,39	0,14	4 d.	4,03	0,28	1,81

5.- Notificar aos licitadores admitidos (identificados mediante códigos) a súa posición en canto ás puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas para que presenten unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados, ou se ratifiquen expresamente na oferta presentada, obténdose a seguinte valoración definitiva:

obra "Acondicionamento de rúas na zona urbana (lote 1)"							
EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (fórmula Univ. Santiago-Depart. Matemática Aplicada)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (cálculo proporcional segundo os criterios aprobados no Prego-tipo)	TOTAL
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	2,68	73.92 2,70 (*)	3,00	91 d.	10,00	1,40	7,08
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	2,03	91.67 7,60	1,16	91 d.	10,00	1,40	4,59
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,45	86.58 4,00	1,75	10 d.	2,42	0,34	3,54
CONSTRUCC. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	1,89	90.00 0,00	1,36	5 d.	1,71	0,24	3,49

(*) A oferta presentada pola empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. pode conter valores anormais ou desproporcionados (media aritmética: 85.545,75 €).

obra "Nova rede de saneamento na Rúa As Pontes de G. ^a Rguez. (lote 2)"							
EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (fórmula Univ. Santiago-Depart. Matemática Aplicada)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (cálculo proporcional segundo os criterios aprobados no Prego-tipo)	TOTAL

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





						Prego-tipo)	
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	1,89	33.52 1,64	1,41	31 d.	10,00	0,70	4,00
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.	1,56	40.40 3,74	0,57	0 d.	1,00	0,07	2,20
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	1,24	32.77 0,00	1,50	29 d.	9,73	0,68	3,42
CONSTRUCC. GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	1,39	38.00 0,00	0,87	4 d.	2,75	0,19	2,45

6.-Requirir á empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., visto que a oferta que presenta para a adjudicación do contrato “Acondicionamento de rúas na zona urbana (lote 1)” pode conter valores anormais ou desproporcionados, para que no prazo máximo de 5 días naturais presente por escrito as precisións que consideren oportunas e a xustificación da oferta presentada, de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas que rexe a presente contratación, e demais normativa de aplicación.

7.- A empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. presenta en forma e prazo a documentación xustificativa requirida (R.E. 7567 de 22/11/2016).

8.- De acordo co informe técnico redactado polo Sr. arquitecto municipal con data 28/11/2016, do cal se desprende que a empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. xustifica o carácter desproporcionado ou anormal da súa oferta, a Mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato denominado “Acondicionamento de rúas na zona urbana (lote 1)” e “Nova rede de saneamento da Rúa As Pontes de García Rodríguez (lote 2)” á seguinte empresa por ofrecer unha oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

- empresa: LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
- Importe (lote 1): 73.922,70 € e 15.523,77 € de IVE (total IVE incl.: 89.446,47 €)
- Importe (lote 2): 33.521,64 € e 7.039,54 € de IVE (total IVE incl.: 40.561,18 €)
- Prazo de execución (lote 1): 29 días naturais
- Prazo de execución (lote 2): 25 días naturais

O día 28/11/2016 requiriuse á empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. para que presentara a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e constituira as garantías definitivas polos seguintes importes:

- obra “Acondicionamento de rúas na zona urbana (lote 1)” : 3.696,13 euros
- obra “Nova rede de saneamento na Rúa As Pontes de G.^a Rguez. (lote 2)” : 1.676,08 euros

Con data 02/12/2016, a empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A. constituíu as garantías definitivas polos seguintes importes e presentou os documentos xustificativos esixidos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





- Aval núm. 2016014580 de Bankia, de data 30/11/2016, de 3.696,13 € (obra lote 1)
- Aval núm. 2016014581 de Bankia, de data 30/11/2016, de 1.676,08 € (obra lote 2)

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015 por darse as circunstancias recollidas no art. 14 da Lei 30/1992.

2. Adxudicar o contrato de obras de "ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA (lote 1)" e "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES DE G.^a RGUEZ. (lote 2)" por procedemento coas seguintes condicións:

- empresa: LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
- Importe (lote 1): 73.922,70 € e 15.523,77 € de IVE (total IVE incl.: 89.446,47 €)
- Importe (lote 2): 33.521,64 € e 7.039,54 € de IVE (total IVE incl.: 40.561,18 €)
- Prazo de execución (lote 1): 29 días naturais
- Prazo de execución (lote 2): 25 días naturais

3. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4. Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

5. Notificar a LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 14/12/2016 ás 12:00 horas no Concello de Cedeira.

6. Requirir ao adxudicatario o pagamento dos gastos de publicidade pola publicación do anuncio de licitación na prensa, o cal ascende a 314,60 €


7. Encargar a ATIGA INGENIERÍA, S.L. a dirección desta obra e coordinación de seguridade e saúde, nomeando a D. José J. Tarrío González director da obra e coordinador de seguridade e saúde; e notificar o presente acordo.

8. Publicar a adxudicación do contrato de obras "ACONDICIONAMENTO DE RÚAS NA ZONA URBANA (lote 1)" e "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AS PONTES DE G.^a RGUEZ. (lote 2)" no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira.

9. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





10. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333 do TRLCSP, de Contratos do Sector Público.
 11. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.
 12. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.
- En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

